

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunírase o próximo día 14 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 45456 (10/PNC-003657)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a elaboración dun estudo respecto do impacto, grao de cumprimento e vixencia da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, con especial atención ao aspecto económico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.2 46472 (10/PNC-003736)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre o incremento por parte da Xunta de Galicia do orzamento destinado á convocatoria de axudas, para o ano 2019, para a creación ou mellora das infraestruturas, das dotacións, das instalacións e dos equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.3 47600 (10/PNC-003850)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019
- 1.4 47716 (10/PNC-003857)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, para o acceso das empresas aos concursos de contratación pública, da existencia dun plan de igualdade en vigor que garanta os dereitos das mulleres, en especial con medidas para combater a fenda salarial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019



- 1.5 48223 (10/PNC-003900)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento exterior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019
- 1.6 49285 (10/PNC-003989)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a elaboración e desenvolvemento dun plan de reactivación económica da provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

Abel Fermín Losada Álvarez

Firmado digitalmente por Abel Fermín Losada Álvarez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Abel Fermín Losada Álvarez,
email=abel.fermin.losada.alvarez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.06.10 13:26:03 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/06/2019 13:26:03

